

O GALEGO ENTRE 1936 E 1975

Tras a paréntese da Guerra Civil, sobrevén un longo silencio que se quebrará moi lentamente. A Guerra Civil foi acompañada dunha cruenta represión, que erradicou todo o que tivese que ver coa esquerda ou co galeguismo. Esta situación mantense ata 1975, aínda que houbo unha certa resistencia política e cultural.

1. Situación lingüística e cultural

A represión cultural foi enorme: o esforzo dun século enteiro foi destruído: editoriais, revistas, institucións... todo o que fora creando as bases da recuperación cultural de Galiza.

A política lingüística foi represiva, tanto no ensino como na Administración e nos medios de comunicación. Isto provocou unha brusca mudanza de hábitos lingüísticos nas capas máis novas da sociedade.

O novo poder político consagra o ideal de uniformización lingüística e cultural de España. Para o franquismo, o único pobo (o español) precisa dun único idioma (español). As lingua non castelás son rebaixadas (errónea e intencionadamente) á categoría de dialectos.

A lingua cultural galega mantense en América, nos centros galegos de Cuba, Venezuela, México ou Arxentina, onde viviron escritores como Castelao, Dieste, Blanco Amor ou Luís Seoane.

Na Galiza recupérase lentamente o ritmo de publicacións en galego. Os primeiros libros son de finais dos anos 40, coa colección de poesía 'Benito Soto', ao tempo que o xornal santiagués 'La Noche' inicia a publicación dun suplemento cultural con textos en galego.

En 1950 aparece a Editorial Galaxia, fundada por galeguistas da liña culturalista, que crea a colección 'Illa Nova', difunde as obras de chamada 'Nova Narrativa Galega' e promove publicacións periódicas como *Grial*.

Nos anos 60, coincidindo cun certo aperturismo do réxime, xorden asociacións culturais (*O Galo, O Facho...*) e partidos galeguistas clandestinos (UPG, PSG), que reivindicán o dereito á autodeterminación. En 1963 permíteselle a RAG celebrar o centenario da publicación de *Cantares Gallegos*, co que se instaurou a celebración do 'Día das letras Galegas'. En 1965 créase a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Compostela e tres anos despois, o centro investigador do Instituto da Lingua Galega.

Nos anos 70, ao labor de Galaxia, únense outras editoriais como Xerais e Sotelo Blanco e prodúcese unha leve recuperación lingüística.

2. A lingua na sociedade do momento

A castelanización da sociedade aumenta debido a factores como:

- un importante número de galegos tivo que emigrar cara a América e alí adaptáronse á nova lingua e mesmo fixeron diso un sinal de progreso social.
- A partir dos anos 60 hai un novo auxe industrial nas cidades, que fixo aumentar a súa poboación e, polo tanto, a castelanización, porque é nas cidades onde máis tiña avanzado o castelán.
- No ensino, o español foi a lingua empregada exclusivamente, aínda que nos derradeiros anos da Dictadura se ergueron voces de protesta e apareceron profesionais que impartían as súas clases en galego.

Estes factores e outros (Igrexa, medios de comunicación...) fixeron que moitos cidadáns adaptasen o esquema diglósico castelán-galego, co emprego da lingua oficial para as funcións elevadas ou para falar cos descoñecidos, e do galego para os usos familiares ou coloquiais entre amigos ou entre iguais. Moitos educaron aos fillos en castelán rompendo a transmisión da lingua ás novas xeracións.